



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 13 de decembro de 2018, á vista das solicitudes formuladas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, Ferrol, Ourense, Santiago, Vigo, e o Hospital Universitario de Lugo, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

ETELCALCETIDA

no tratamento do hiperparatiroidismo secundario (HPTS) en pacientes adultos con enfermidade renal crónica avanzada sometidos a hemodiálise que, a pesar do tratamento con Cinacalcet oral, presentan un mal control do HPTS durante polo menos 6-9 meses (PTH entre 150-500 pg/ml), e que non sexan candidatos a aumentar a dose de Cinacalcet por risco elevado de hipocalcemia ou intolerancia.

Para os inicios de tratamento en hiperparatiroidismo secundario a insuficiencia renal crónica con hemodiálise, o calcimimético de elección seguirá sendo cinacalcet oral.

Considerando os resultados de eficacia e seguridade de Etecalcetida similares aos de Cinacalcet, débese realizar unha avaliación individualizada de cada cambio de tratamento a Etecalcetida, valorando a posibilidade de optimizar a dose de Cinacalcet e a adherencia ao tratamento, e tendo en conta criterios de eficiencia.

Este posicionamento podería verse modificado cando se comercialicen os medicamentos xenéricos de Cinacalcet.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica

Jorge Aboal Vinas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde